



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlf: 988 572 846 - Fax: 988 271 447
Cra. de Vsp. 43 Baio - O Pino
32001 OURENSE



COMUNICADO Nº3

VIXILANCIA DOS PARQUES.

Informase os participantes no V Rallye de Pontevedra, que na noite do 2 o 3 de Xuño, o parque de Traballo/Pechado, situado no Parking do Campo de Fútbol Municipal de Baltar – Portonovo, quedará vixiado por seguridade privada.

Na noite do 3 o 4 de Xuño, o Parque Fin de Rallye, situado na Praza do Mar - Porto Deportivo Juan Carlos I de Sanxenxo, quedará vixiado por seguridade privada entre as 22:00 horas do día 3 e as 08:00 horas do día 4, para que unha vez finalizado o Rallye os equipos participantes poidan disfrutar con tranquilidade da restauración local, da entrega de premios en dita Praza e sobre todo do Treito Nocturno que se realizará nos distintos locais de ocio de Sanxenxo. Antes das 12.00 horas do día 4 de Xuño todos os equipos participantes deberán haber sacado os seus vehículos de dito parque fin de rallye para proceder a apertura da Praza. Tamén informar os equipos participantes que as asistencias deben deixar libre o Parque de Traballo antes das 12.00 horas do día 4 de Xuño para proceder a limpeza do mesmo.

ENTREGA DE PREMIOS.

A entrega de premios do V Rallye de Pontevedra celebrarase o día 3 de Xuño as 23.55 horas no Parque Pechado Final de Rallye que estará situado na Praza do Mar - Porto Deportivo Juan Carlos I de Sanxenxo. Contaremos coa inestimable colaboración da empresa DUE EVENTOS, que nos brindarán unha fermosa entrega de trofeos a pé de podium rodeados de mar, paisaxe e de todos os vehículos que consigan terminar este duro rallye.

En caso de mal tempo trasladarmonos as magníficas instalacións do Real Club Náutico de Sanxenxo, que un ano máis voltarán a ser a Sede operativa do Rallye de Pontevedra.

Tamén queremos confirmar, que unha vez publicada por parte da FGA que o Rallye de Pontevedra puntuará para a GARA N5, que o igual que o resto de copas de promoción, estos tamén terán o seu trofeo donado por Escudería Pontevedra 1984 e Escudería Congostrá Team Sanxenxo.

Agardamosvos a todos!



O COMITÉ ORGANIZADOR

Sanxenxo, 22 de Maio de 2023 sendo as 13.00 horas.